


G L O  O

colectivo en danza

MAPA



Mapas doutros corpos
Intercepta a liña
Continúa, estás dentro
Non temas, a Natureza aborrece o baleiro
Como ondas do océano querendo ser océano
Así somos
Continúa
Sígueme
Eu te sigo

A peza xurde como unha necesidade de investigación de movemento, baseado no mundo dos refuxiados e das fronteiras. Barreiras fronteirizas que, durante séculos, colocamos entre mundos, países e persoas. Esta distancia, real e hipotética, sitúa a ambos intérpretes nunha relación de aproximación e alonxamento, de poder e de sublevación, compartindo unha mesma premisa común: a imposibilidade de fronteira con nós mesmos.

Esta relación convirte ao intérprete en rebelde, débil, compasivo, agresivo, obediente e invasivo co outro, dando como resultado unha relación visceral humana. Preguntámonos, ¿que lles pasa aos homes que na violencia sobrepasan o interdicto?

Duración: 15 minutos.

- **Mención especial** La Espiral Contemporánea, Santander, 2019
- **1º Premio** Bailando con Piedras – Certamen Coreográfico Internacional Burgos – NY, 2019
- **Mención especial** Festival Corto In Danza, Italia, 2019
- **Premio** Danza no Claustro no Festival Sólodos en Danza Ourense, 2016



Creación e interpretación:
Esther Latorre e Hugo Pereira

Música orixinal:
Armand Amar e Sydney Bechet

Vídeo:
CRO ATAN

Deseño gráfico e web:
Manu Lago

Fotos:
Temprano, Francesc Vera Casas,
Manu Lago e Pedro Soares

Co soporte de
Galicia Danza Contemporánea



COLECTIVO GLOVO (ESPAÑA-PORTUGAL)

Nace no 2016 en Valencia baixo a dirección e creación de Esther Latorre e Hugo Pereira.

Coa peza M A P A (2016) recorreu varios festivais e circuitos de danza como:

- SPORTING LADOS DANZA RUSSAFA, Valencia (2016)
- CIRCUITO BUCLES, Valencia (2016)
- Convidados CERTAMEN COREOGRÁFICO GERARD COLLINS, Valencia (2016)
- CERTAMEN INTERNACIONAL SOLOS Y DÚOS Sólodos EN DANZA, Ourense (2016). Premiados polo xurado.
- DANZA NO CLAUSTRO Encontro de artistas Iberoamericanos, Sólodos EN DANZA, Ourense (2017).
- FESTIVAL INTERNACIONAL CAMP_iN, México (2017). Posta en escea e workshop impartido polos intérpretes.
- FESTIVAL HERDANZA, Santiago de Compostela (2017). Posta en escea e workshop impartido polos intérpretes.
- MOSTRA INTERNACIONAL MIM, Valencia (2018)
- FESTIVAL COREOGRÁFICO ALMADA, Portugal (2018)
- FESTIVAL CORTO IN DANZA, Italia (2019). Mención especial do xurado.
- CERTAMEN INTERNACIONAL DE COREOGRAFÍA BURGOS – NY (2019). Primeiro Premio (Bailando con piedras)
- LA ESPIRAL CONTEMPORÁNEA, Santander (2019). Mención especial del jurado.
- CARTOGRAFÍA DO MOVEMENTO, Lugo (2019)



ESTHER LATORRE FERNÁNDEZ (GALICIA, ESPAÑA)

Desde temprana idade comenza a súa formación e paixón pola danza e o movemento. No 2003 mergúllase no mundo da danza clásica, o que a levará no futuro a explorar novos ámbitos das artes escénicas.

Galega de nacemento, completa a súa carreira especializándose y graduándose en danza contemporánea no Conservatorio Profesional de danza de Lugo, formando parte da que sería a primeira promoción de profesionais en danza contemporánea de Galicia, diplomándose á súa vez en Maxisterio de Educación Física na mesma cidade.

Desde entón, traballou con compañías como Jove Companyia de Dansa Gerard Collins (Valencia), Moudansa (Valencia), Companhia de Dança no Norte (Portugal)... ou a compañía Maduixa Teatre, da que forma parte actualmente e que foi galardoada recentemente co Premio Max ao Mellor Espectáculo de Rúa por "Mulier".

No 2016 forma o colectivo GLOVO, xunto ao bailarín Hugo Pereira, creando a peza "MAPA", premiada no festival de solos e dúos SÓLODOS EN DANZA 2016.

HUGO PIRES PEREIRA (PORTUGAL)

Natural de O Porto, comenza a súa formación no Conservatorio de danza de Aveiro, onde se graduará no 2015. Recibe diversas formacións en danza contemporánea con mestres como: Akram Khan Dance Company, Sagi Gross (GrossDanceCompany, NEDERLANDS), Shirley Esseboom (NEDERLANDS), Víctor Hugo Pontes (Nome Propio, PORTUGAL), Bruno Alexandre (PORTUGAL), Carmela García (Otradanza, ESPANHA), Julia Weh (ALEMANHA), Romulus Neagu (PORTUGAL)...

Formou parte da Companhia de Dança do Norte na produción de 2015-2016 "Barulhos nossos" e participou en diversos festivais nacionais e internacionais de creación.

Actualmente está inmerso no proxecto GLOVO, no que, xunto a Esther Latorre, desenvolve o seu traballo de creador e intérprete. Cabe destacar o recente galardón no festival de solos e dúos SÓLODOS EN DANZA 2016 coa peza "MAPA", que tamén foi seleccionada para formar parte do festival Camp In Encuentro Escénico de San Luís de Potosí, México.







G L O V O

colectivo en danza

www.colectivoglovo.com

DISTRIBUCIÓN

Manu Lago

galiciadanzacontemporanea

www.galiciadanzacontemporanea.gal

galiciadanzacontemporanea@gmail.com

607 18 62 24